

A ARTE NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX

A partir da segunda guerra mundial xurde un mundo distinto: un novo marco de relacións internacionais liderado pola ONU e definido polo diálogo e o triunfo da política sobre as armas. Aínda así, non ían faltar conflitos nesta segunda metade de século: a Guerra fría entre as dúas superpotencias (USA e URSS); os problemas da descolonización; a situación do Terceiro Mundo; ou a globalización económica de finais de século.

Trátase de 50 anos de contrastes: do estado do benestar, dos grandes avances tecnolóxicos, da liberdade de costumes e a emancipación da muller, pero tamén de inxustiza social, do fame e pobreza para a maioría da poboación; do terrorismo en todas as súas formas, da ameaza nuclear ou os desastres ecolóxicos.

•A liña divisoria entre a vanguardia artística e a proliferación das tendencias postvanguardistas será 1945.

• O panorama político e social cambiou sensiblemente. Por unha banda produciuse a división do mundo en dous grandes bloques irreconciliables e, por outro, asistimos á confirmación dos Estados Unidos como a potencia económica máis rica e poderosa do mundo. A arte última florecerá precisamente na sociedade máis capitalista do planeta.

•Non hai unha total ruptura coas vanguardias históricas, senón unha reactualización destas. Os artistas radicalizarán aínda máis a súa postura con respecto ás técnicas, os materiais, os asuntos, levando o fenómeno artístico ata límites inusitados

•O divorcio entre a arte e o gran público faise máis patente aínda. Os novos artistas dependerán cada vez máis do sistema de galería de arte/crítica, que creará o seu propio público e a súa propia clientela especializada.

•A arte das últimas tendencias será impulsado e dado a coñecer polas novas institucións creadas ex profeso: museos, galerías, feiras e exposicións internacionais como o Museo de Arte Moderna de Nova York, o de Parides ou o de Roma, o Museo Salomón Guggenheim de Nova York, a exposición da Biennale Internationale de Venecia ou a Bienale de Parides. Actualmente, España incorporouse a este circuío internacional coa Exposición Internacional Arco.

Contexto histórico-artístico

- **Guerra fría primeiro e coexistencia pacífica despois, organizan o mundo en dous bloques (o escenario dos conflitos trasládase Asia: Corea...Vietnam). Estados Unidos lidera o bloque occidental e impón o seu modelo capitalista.**
- **Os anos 60 son a etapa dourada do capitalismo -que coincide coa estabilidade dos réximes democráticos en Europa- e que remata nos anos 70 coa crise do petróleo (conflicto árabe-israelí). Tamén son os anos da rebelión estudiantil, da loita feminista e das reivindicacións dos dereitos dos negros.**
- **Nos anos 80 o afundimento do sistema soviético e a caída do muro de Berlín establecen unha nova orde internacional.**
- **Os 90 son os anos da globalización, das rivalidades relixiosas, dunha nova forma de guerra global e das reivindicacións homosexuais.**

Os artistas vanse mostrar sensibles aos acontecementos rexeitando ou tomando partido no que sucede ao seu redor e trasladando o seu sentir as obras: a guerra, os dereitos das minorías, a globalización, a sociedade de consumo, a preocupación polo medioambiente, forman parte do universo artístico e trasládanse ás súas realizacións.


Nos primeiros momentos, como consecuencia da guerra en Europa, as iniciativas artísticas parten de Estados Unidos. O centro cultural e artístico se traslada de París- Berlín a Nova York (cidade cosmopolita que acolle a numerosos artistas vanguardistas exiliados do vello continente). Despois prodúcese unha mundialización de tendencias.

Os artistas usan libremente todo o que está ao seu alcance para expresarse. Ao camiño aberto polo collage, os fotomontaxes e os ready-made, van incorporando elementos teóricos procedentes de outros campos visuais, como o cine ou o teatro, ou da música, que fan imposible establecer fronteiras entre as artes segundo a clasificación tradicional.

Arte e mercado

Na época triunfante do capitalismo, a obra de arte convértese en mercadoría e, como tal, é sometida ás regras do mercado: investimento, publicidade, sponsorización, especulación, mesmo branqueo de diñeiro son termos que forman parte da comercialización da arte. Os expertos en arte son substituídos por xestores ao fronte das empresas artísticas que as administran coas mesmas técnicas que as multinacionais. A orientación na compra de arte e no fomento dos gustos non depende tanto da opinión experta como dos criterios particulares dos executivos das grandes empresas que controlan o diñeiro.

Pese a moverse grandes cantidades de diñeiro neste ambiente, os artistas non son agora mais ricos. Poucos poden vivir da venda das obras, é frecuente que teñan que simultanear o traballo artístico con outra profesión remunerada. Só aqueles que teñen un *sponsor*, *promocionados polos novos xestores*, ou os que viven a expensas das subvencións institucionais, poden manterse coapráctica artística. Algúns artistas rebélanse contra o mercado realizando obras que non se podan vender, pero o mercado englobará as súas realizacións valéndose de novos medios para captalas e difundilas.



2 Tendencias principais

ABSTRACCIÓN (ANOS 50)

- **Expresionismo Abstracto**
(Escola de Nova York):
J. Pollock
- **Informalismo europeo:**
A. Tàpies

FIGURACIÓN (ANOS 60)

- **Pop- Art:**
A. Warhol
R. Lichtenstein

Expresionismo abstracto americano

Despois da guerra, nos anos 50, moitos artistas elixen a abstracción como forma de expresarse. Uns parten da abstracción lírica e das experiencias dadaístas e surrealistas, mentres outros buscan facer unha pintura desde a xeometría, derivada do neoplasticismo e do constructivismo.

Dentro das tendencias informais está o **expresionismo abstracto, ou Action Painting**, que xurde en Estados Unidos e válese do automatismo, buscando no xesto espontáneo a realización da obra. O autor mais representativo desta tendencia é POLLOCK que escolle grandes formatos e emprega pintura industrial. O que lle importa é o proceso de execución, movéndose rítmicamente ao redor do soporte, colocado en horizontal sobre o chan, e empregando o xesto e o azar para estender a pintura polo lenzo

Composición nº1

Clasificación

Autor: JACKSON POLLOCK

Título: *Composición nº1*

Cronología: 1950

Técnica e material: Óleo, temple e acrílico sobre tea

Estilo: Expresionismo Abstracto

Medidas: 2,69 × 5,30 m.

Localización: MoMA



Conceptos clave:

Action Painting: pintura de acción, gestual e expresiva.

All over: a tea é un todo continuo sen partes diferenciadas.

Dripping: goteo, salpicaduras



Características xerais

Non hai unha xerarquía

dentro da composición, ningún punto focal, o espectador se deixa arrastrar polos xiros e filigranas que se entrecruzan sen orden aparente (Denomínase “all-over”). Exaltación do caos

Utilización do “dripping” (goteo)

Preferencia por grandes formatos

A densidade de cores orixina unha concepción modo de baixorelevo



Jackson Pollock
Number one

Nengunha referencia naturalista

Importancia do trazo, da execución, mediante movementos violentos ou atemperados

Discordancias cromáticas

A base está en na espontaneidade, no non previamente concibido

É moi importante o proceso creador por sí mesmo (base para a arte conceptual)

Cadros pintados no chan
e unha vez recheada a
superficie, recortábase,
púñanselle os límites



O bosque
encantado


En ocasións (anos 50)
reduce a paleta cromática
a brancos e negros



Eco

Jackson Pollock

Posibilidade de
expandirse ata
o infinito



Ollos na calor

**Pinceladas
moi grosas**

**Cores moi
saturadas**

**Caras grotescas,
que provocan inquietude**



**Figuras
incompletas**

**Willen de Kooning
Mulleres**

**Figuras femininas
deformadas reducidas
a un pequeno número
de trazos con esaxeración
de ollos, ombros e peitos**



**Planitude, ausencia
de perspectiva
Cadros rezuman
misoxinia**

- En España esta tendencia tivo dúas vertentes: a Escola de Madrid, denominada grupo O Paso, formada por M. Milleiros, A. Saura, R. Canogar, L. Feito, L. Muñoz, M. Viola e M. Rivera e a Escola Catalá ou grupo Dau ao Set composta por A. Tapies e R. Vallés, Cuixar, entre outros.
- Desenvolveron varias técnicas en torno a esta liña subjetiva de abstracción: a gestual (equivalente europeo do Action Painting), a caligráfica ou sínica, a manchista e a máterica. Nesta última dáselle moita importancia á materia utilizada para compoñer o cadro: cortizas, arpilleras, trapos, teas metálicas, materiais de desecho.

En Europa tamén triúnfala a abstracción por eses anos, pero en formatos máis pequenos e integrando no cadro materiais non pictóricos derivados do *collage*. Fálase aquí de **Informalismo e ten un sentido máis filosófico e** comprometido. Os artistas comparten a destrución da forma e certo dramatismo porque a guerra e as súas consecuencias están moi recentes. Búscase a intensidade expresiva a través da propia pintura e dos materiais empregados, mesmo do tecido do soporte que moitas veces é furado, esgazado ou recosido. Neste tipo de *abstracción máterica* habería que incluír a obra de pintores españois como TÀPIES ou MILLARES.

MARRÓN E OCRE



Clasificación

Título: Marrón e ocre.

Autor: Antoni Tàpies

Data: 1959

Técnica/material: mixta
sobre tea. Po de mármore
con pigmentos e PVA
(acetato, cola)

Medidas: 1.70 x 1.95 m

Localización: Museo de
Arte Abstracto Español,
Cuenca

Informalismo Abstracto Europeo

Conceptos clave:

- Pintura matérica: cores mesturadas con materiais
- diversos: area, , serradura, xeso, vidros rotos.
- Engadido de chatarra, madeira, esteira, trapos...
- Grattage: técnica destrutiva mediante cortes,
- perforacións, acoitelados, esgazaduras.
- Signos: letras, números, cruces

Palabras clave relacionadas:

[Arena](#), [Cruz](#), [Marrón](#), [Ocre](#), [Relieve](#), [Textura](#)

Tendencias neorrepresentativas

En USA, o desgaste da abstracción a finais dos anos 50 abre camiño a unha tendencia artística representativa que ten como obxectivo integrar a arte na sociedade de consumo e facela entendible a un público maioritario: a **Arte Pop**. Os artistas incorporan na súa obra a iconografía creada pola cultura de masas. Inspíranse nos carteis publicitarios, no cómic, na fotografía, nas revistas ilustradas, no cine...imaxes superficiais, non interesan as cousas senón a súa representación, “o medio é a mensaxe”. Como os dadaístas, empregan obxectos cotiás e triviais descontextualizados e carentes de estética. Imaxes en serie como os produtos do supermercado que non pretenden expresar emocións. O traballo do artista consiste en elixir, manipular e reproducir. RAUSCHENBERG, WARHOL e LICHTENSTEIN son autores representativos desta tendencia que se da a coñecer en Europa a través da Bienal de Venecia de 1964 e da Documenta de Kassel de 1968

FIGURACION Andy Warhol (1928-1987)

- Marilyn
- Sopa campbell



Warhol é o que mellor representa esta tendencia, desde a súa *factoría*, que así chamaba ao obradoiro, crea as imaxes repetitivas inspiradas na forma de vida americana.

Son famosas as súas serigrafías baseadas no rostro de Marilyn Monroe ou a representación a gran escala de envases de produtos de consumo.

Díptico, 1ª obra sobre Marilyn nela expresa o paso da vida á morte.

En total fará máis de 50 retratos.



Díptico de Marilyn — Andy Warhol

: Gold Marilyn



Clasificación

Título: Gold Marilyn

Autor: Andy Warhol

Data: 1962

Técnica/material:
serigrafía, pintura
sintética

sobre lenzo

Medidas: 211.4 x
144.7 cm.)

Localización: MoMA

Composición repetitiva. Un mesmo motivo, variando a cor. Efecto de contraste intenso e saturación das cores.





32 latas de sopa Campbell's



32 latas de sopa
Campbell's, 1962. MoMA,
50,8 x 40,6, cada cadro



200 latas de sopa Campbell's, colección
privada de J. Power.
10 filas e 20 columnas



Roy Lichtenstein (1923-1997)

CARACTERÍSTICAS

- PINTURA DE BORDES NÍTIDOS, *Hard Edges line*.
- Escenas da cultura popular
- Viñetas de tiras de cómics (uso
- Puntos Benday con plantillas) d)
- Formas claras
- Pintura acrílica e verniz marca Magna



Como pintor, escultor e gravador recibiu numerosos **premios** internacionais e distincións de textos) académicas de varias universidades. A Medalla Nacional das Artes foille concedida en 1995.



Lichtenstein, pola súa banda, pinta viñetas de cómics en grandes formatos. A imaxe popular elevada á categoría de obra sofisticada.

Obra mestra. 1962.

1961, Look
Mickey
Óleo sobre lenzo
122 x 175 cm.




Lichtenstein contribuíu decisivamente á **socialización da arte**. O artista de Long Island monumentalizou as tiras de historietas e, coa mestura de ironía e fascinación tan propia do 'pop art', dotou aos heroes e heroínas dos cómics da mesma dignidade visual que Fernand Léger, o seu gran ídolo, lograra transmitir cos seus obreiros anónimos.



Roy Lichtenstein foi un deses magos que obrigan a realizar novas lecturas da obra plástica, coa súa intensa procura dunha linguaxe propia, entre as súas influencias podemos atopar a Escola de Nova York, pero sobre todo atopamos os elementos que dalgunha forma foron dando identidade aos Estados Unidos de Norte América.



A publicidade e o cómic convertéronse para Roy Lichtenstein en elementos necesarios para o desenvolvemento da súa linguaxe, para a composición da súa obra, que á súa vez abriu un camiño moi interesante ata o seu público, dalgún xeito, pola súa perfecta integración no real, foi o primeiro paso cara á estética colectiva e cara á socialización da arte.





Os puntos Ben-Day permiten que as pinturas de Lichtenstein se vexan á vez máis e menos artificiais. Representan a reprodución mecánica, pero tamén agregan suxestións de luz e reflexos, cores variantes e variacións de textura. Os Puntos Bendai utilizan 4 cores:

- Cian- Azul
- Maxenta- Vermello
- Amarelo
- Negro



Nos anos noventa, as seguintes series de Lichtenstein mostram colosais vistas interiores de casas sacadas dos pequenos anuncios das páxinas amarelas.

Collage para Nu con pirámide



Clasificación

Nu con pirámide

1994

Óleo e Magna sobre
lenzo

213.4 x 177.8 cm.

Colección privada

A mediados da década dos 90's realiza unha serie de **espídos femininos**, eses anos tamén coinciden coa finalización dunha serie de proxectos escultóricos e pictóricos a gran escala que lle foron encargados desde os sectores público e privado.

Nos noventa, o traballo e as indagacións de Lichtenstein sobre o ilusionismo, a abstracción, a serialización, a estilización e a apropiación seguen presentes en todos os medios.

O **proceso de traballo de Lichtenstein** partía frecuentemente de imaxes correntes - recortes de cómics, anuncios publicitarios, ilustracións artísticas ou fotografías-, que lle servían de fonte de inspiración e plasmaba en debuxos preliminares, en pequenos esbozos, en series de apuntes de figuras, repetidos e recollidos en cadernos; en debuxos de execución rápida e estilo solto, de pequeno formato e de carácter máis íntimo, nos que se definían xa o tema, o concepto e a composición, elementos que posteriormente trasladaba aos colaxes resultantes da secuencia, de maior tamaño estes, máis definidos e precisos, auténticos **patróns das obras terminadas**.



Lichtenstein e o sombreado

No traballo de Lichtenstein, en xeral, non hai claroscuro e a intensidade da obra ven dada pola cantidade e equilibrio de cores, non por calquera ilusión de profundidade.

Pero, nas súas últimas pinturas de **espidos femininos, de mediados dos anos noventa**, Lichtenstein timidamente alude ao claroscuro mediante manchas de puntos de diferentes tamaño que non se limitan aos contornos das figuras. A súa idea non é a de simular sombras con **Lichtenstein e o sombreado** precisión, senón a de simbolizar a convención do claroscuro, para destacar que: como todas as pinturas de Lichtenstein, os nus, en última instancia, tratan sobre cuestións de la percepción. "Cos meus espidos eu quería mesturar convencións artísticas que penso que son incompatibles, é dicir, claroscuro e cores locais*, para ver o que pasaba. Eu tiña visto algo semellante no traballo de Léger. Os meus espidos son en parte luz e sombra, e por iso teñen os fondos, con puntos para indicar a sombra. Os puntos tamén están graduados de grandes a pequenos, o que xeralmente suxire modelaxe na mente das persoas. Eu realmente non sei por que escollín espidos, nunca os fixera antes, así que quizais había que facer algo, pero eu tamén sentín que o claroscuro quedaría ben nun corpo. E nos meus espidos hai tan pouca sensación de carne do corpo ou de tons da pel,- son tan irrealis- que usalos resaltou a separación entre a realidade e a convención artística. Estou seguro de que outras persoas poden ver a elección de espidos de xeito diferente, pero as imaxes poderían ter sido naturezas mortas, polo que a min respecta. En realidade, o primeiro traballo que intentei nesta liña era unha natureza morta”.

*A cor local é a cor do obxecto real (a cor que teñen as cousas na natureza).



Roy Lichtenstein e a súa obra constitúen un brillante exemplo da revolucionaria perspectiva artística aportada polo Pop Art. A atención cara aos medios de comunicación masiva, a desenfadada parodia de motivos pictóricos e obras mestras do pasado, a recreación de obxectos de uso cotián e a asociación das artes plásticas co deseño gráfico e industrial, entre outros intereses artísticos de Lichtenstein, ponse de manifesto nas súas obras: esculturas, pinturas e traballos de gráfica, que representan con gran fortuna o sentido do humor, a ironía e a inclinación lúdica do artista, expresados a partir de xogos visuais suxestivos, do uso e a combinación de materiais convencionais e pouco comúns e do tratamento fresco e audaz de temas como a muller, a natureza, o corpo humano e a vida cotiá.



Arte Conceptual

No final dos 60, coincidindo coa onda de movementos de protesta e rebelión, a ironía e a extravagancia son utilizadas polas minorías culturais como elemento provocador. Os artistas chamados conceptuais escapan da experiencia visual, experimentando con materiais perecedoiros para romper coas convencións dominantes de produción e consumo de arte. Pretendíase facer fracasar os mecanismos do mercado realizando obxectos artísticos que se resistiran a ser vendidos, coleccionados ou valorados polos medios convencionais. As manifestacións poden ser moi diversas, pero todas coinciden na supremacía da idea ou da teoría sobre o obxecto. Pero o mercado acaba englobando estas manifestacións a través de fotos, vídeos, rexistros magnetofónicos, vestixios corporais incorporados a modo de reliquias..., e converténdooas en tanxibles e coleccionables, deixando sen vixencia o seu obxectivo.

Posiblemente BEUYS sexa o artista da tendencia conceptual que terá maior repercusión. Comezou facendo arte con obxectos de refugo, pero será a través de realizacións de *happening*, *body art*, *artlanguage*, como se converterá nunha especie de chamán. Válese do seu corpo en actos públicos nos que os seus xestos e comportamentos axudan a comprensión do espectador. Tamén “predica”, a modo de sacerdote laico, tratando de persuadir ao auditorio sobre principios éticos-estéticos ou político-espirituais. Para todo isto axúdanlle as súas condicións teatrais.



Hiperrealismo

- A volta á representación na pintura e na escultura chega polas mesmas
- datas da man do hiperrealismo, que recupera a representación realista
- da forma cunha certa actitude Pop que magnifica os obxectos, agrandándoos ou introducindo algún elemento discordante. Ligada a esta tendencia hai que entender a obra de Antonio LÓPEZ.



As últimas décadas

Desde os anos finais do século XX, a arte das vangardas históricas está nos museos, son aceptadas polo público e forman parte da cultura comercial. Hai un crecemento masivo da infraestrutura das artes. Os centros de arte contemporánea compiten coas galerías privadas por acoller as obras mais vangardistas. Xorde o dilema entre o desexo de abarcar imaxes e valores que cheguen a un público amplo e a necesidade de intensificar o estilo conceptual recorrendo a técnicas de distanciamento das normativas culturais. Algúns buscan prácticas críticas ou comprometidas, ás veces ilexibles, con proxectos desafiantes de raíz duchampniana que propoñen un diálogo ou unha reflexión. Outros volven a un estilo narrativo empregando a referencia aberta, a iconografía e o simbolismo para tratar cuestións que desafían crenzas e costumes relacionadas coas razas, o corpo, o xénero, a través de **instalacións ou performances**.

Os novos camiños da arquitectura

Os camiños abertos polos grandes arquitectos anteriores terán continuidade nos anos seguintes, pero non é doado clasificar as obras do final do XX. As últimas tendencias son plurais e conxugan elementos heteroxéneos. Se algo teñen en común as tendencias mais actuais é que van ser promovidas polas institucións, que fan encargos internacionais para a realización de edificios de uso colectivo cós que buscan sorprenden. Tamén coinciden na incorporación das novas tecnoloxías na súa concepción, utilizando ordenadores para os cálculos dos proxectos. No final dos 80, como rexeitamento á postmodernidade, xorde o *Deconstructivismo*, termo que define o movemento que trata de simplificar e descompoñer os elementos e compoñentes arquitectónicos. Abandonan as horizontais e as verticais e usan a rotación de corpos xeométricos e pequenos ángulos que dan unha aparencia caótica ao edificio: a forma como resultado da fantasía.



Algúns exemplos das últimas tendencias en Galicia

Francisco LEIRO é o noso escultor mais internacional, natural de Cambados, comezou traballando nos materiais tradicionais e pensa como Miguel Anxo que facer escultura é quitarlle ao material o que lle sobra. As súas figuras mostran unha visión ás veces irónicas e outras trágica do mundo que o rodea. A súa obra está en museos de todo o mundo e pasa longas tempadas no seu obradoiro neoiorquino, pero sempre volve á súa vila. O seu Sireno de aceiro inoxidable sobre dúas longas columnas mira cara o mar desde a Porta do Sol da nosa cidade. Pero non é a única obra deste autor que temos na cidade, tamén os nadadores do Areal ou a obra que está na estación de RENFE son exemplos que nos serven para entender o neoexpresionismo das súas formas que bebe na tradición galega do traballo da madeira e da pedra e na esencialización das formas medievais e que por veces se volve surrealista.



Fábrica de CocaCola de A Coruña



Clasificación

- **Nome:** edificio BEGANO/fábrica de Coca-Cola da Coruña
- **Autores:** Andrés Fernández-Albalat Lois e Antonio Tenreiro Rodríguez
- **Data:** 1960
- **Estilo:** Movemento Moderno



No ámbito da arquitectura, a *fábrica de CocaCola de A Coruña* pode servir de exemplo do estilo internacional. É unha caixa de vidro e aceiro á entrada da cidade. Foi realizada en 1960 polos arquitectos FERNÁNDEZALBALAT E TENREIRO. Constitúe unha das primeiras incorporacións da nova arquitectura ao movemento moderno.





BEGANO





O Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago.

SIZA

Foi realizado no 1993 nun espazo difícil do casco histórico da cidade, ao pé dun mosteiro barroco. Este arquitecto portugués seguidor de Wright nos seus comezos, mestura influencias de Van der Rohe, na simplicidade de liñas, e do racionalismo de Le Corbusier, na busca dun estilo propio. O diálogo có contorno, a luz e as formas rectas forman parte das súas construcións. Pódese dicir que vai adquirindo unha visión persoal do racionalismo. No interior do edificio do museo concibe espazos en distintos planos e a diferentes alturas e recorre a unha terraza como remate.



A Cidade da Cultura que se está a realizar en Compostela é un complexo arquitectónico exemplo de ese caos controlado propio do deconstructivismo, difícil de conseguir sen o emprego de ordenadores no seu deseño e sen os avances tecnolóxicos que os novos materiais proporcionan. O proxecto foi adxudicado no 1999 e comprende unha morea de edificios e servizos: biblioteca, museo, centro de novas tecnoloxías, teatro de música, edificios para a administración e servizos e estará rodeado de amplas zonas de bosque con especies autóctonas. O seu deseño é de EISENMAN, arquitecto estadounidense con estudo en Londres, quen di que un edificio debe propoñer preguntas, non respondelas. Coa cidade da cultura pensou en crear unha especie de cartografía sobre a topografía do lugar, o resultado son volumes e baleiros que se funden nunha mestura aparentemente espontánea. Di que a aceptación popular é a que mide o éxito dunha obra.

